

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE ABRIL DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Laboratorio Clínico e Biomédico.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para encomendar á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a realización dun programa de investimentos para estender a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e optimizar a prestación de servizos e aplicacións para as entidades adheridas, cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

- Acordo polo que se aproba o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, por un importe total de noventa e seis mil cincocentos trinta euros (96.530,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Beariz, para a execución das obras de mellora do contorno da casa do concello en Beariz, por un importe de cento setenta e sete mil seiscentos oitenta e un euros con corenta céntimos (177.681,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Sober, para a execución das obras de remodelación da praza do concello e da súa contorna, por un importe douscentos setenta e nove mil novecentos trinta e oito euros con vinte e cinco céntimos (279.938,25€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de Decreto polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo de 3.001,56 m², feita a título gratuito polo Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2.313,24 m², feita a título gratuito polo Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a establecer pagamentos anticipados e a conta en porcentaxes superiores aos recollidos nos artigos 62.2 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019. Total: dous millóns cincocentos oito mil douscentos corenta e cinco euros (2.508.245,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a posta en marcha en Galicia da Historia Social Única Electrónica.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas aos concellos para a creación de Espazos Activos para impulsar o emprendemento comercial no medio rural.
- Informe sobre a Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Santa Comba, situado nos concellos da Baña, Santa Comba e Val do Dubra (A Coruña) e promovido pola sociedade Eólica Galenova, S.L. (IN661A 7/2010).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario galego para o curso 2016/2017.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre Balance de Xestión das Axudas da Nova Política Agrícola Común 2014-2020 en Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN SUPERA OS 100 CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ACTUALIZADOS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos dos títulos de técnico en Operacións de Laboratorio e de técnico superior en Integración Social, Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, Laboratorio Clínico e Biomédico, Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns*
- *Os novos ciclos supoñen unha oportunidade para incrementar a empregabilidade dos que os cursan*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos currículos dos títulos de FP de técnico en Operacións de Laboratorio e de técnico superior en Integración Social, Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, Laboratorio Clínico e Biomédico, Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria supera os 100 currículos de ciclos de Formación Profesional aprobados desde 2009, aos que hai que sumarlle os 21 currículos de titulacións de Formación Profesional Básica redactados e publicados para poñer en marcha estas ensinanzas –incluídos programas formativos para persoas con necesidades educativas especiais-, e os 13 currículos de ensinanzas artísticas e deportivas tamén sacados adiante polo departamento educativo da Xunta de Galicia.

Esta tarefa comezou no ano 2009 coa readaptación de 6 ciclos cuxa modernización fora iniciada polo goberno anterior, pero que foi necesario revisar para que en efecto se axustasen ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e Formación Profesional. A partir de aí iniciouse un complexo proceso para actualizar os currículos destas titulacións e adaptalos ás necesidades do tecido social e produtivo de Galicia, co fin de transformar a FP nun verdadeiro sistema de oportunidades e nun foco de innovación. O obxectivo final é impulsar a empregabilidade das persoas que se titulan nestes ciclos, traballadores da máxima cualificación que poderán impulsar as empresas e industrias nas que traballen e aproveitar as súas potencialidades de crecemento.

Neste sentido cómpre lembrar que a capacidade da FP galega está a quedar patente xa a través dos concursos de proxectos de innovación que convoca a Consellería e mesmo no ‘escaparate’ que supuxo a feira ‘Innova FP Galicia’, celebrada os pasado 24 e 25 de febreiro na Cidade da Cultura.

Ciclos completamente novos

No marco deste proceso de actualización publicáronse 14 ciclos de grao medio e superior completamente novos, ademais dos devanditos 21 currículos de titulacións de Formación Profesional Básica. É o caso, por exemplo, dos ciclos de Producción agroecolóxica; paisaxismo e medio rural; animacións 3D, xogos e contornos

interactivos; vitivinicultura; emerxencias sanitarias ou Educación e control ambiental, entre outros, así como dos correspondentes á familia profesional de Enerxía e auga. Así mesmo, a consellería completou xa a actualización dos currículos das familias profesionais de Artes Gráficas e das de Administración e xestión; Hostalaría e turismo; Imaxe e son; Informática e comunicacións; Madeira, moble e cortiza e Marítimo-pesqueira.

Neste momento a Consellería ten en fase final de actualización outros 8 currículos, que se aprobarán en vindeiras semanas. Deste xeito remataríase a actualización completa das familias profesionais de Agraria, Comercio e márketing, Imaxe persoal e Química.

Todos os currículos actualizados inclúen a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios, segundo a lexislación vixente, para o exercicio profesional, cando proceda.

A XUNTA AMPLÍA A COBERTURA DA REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS DE GALICIA CON ESPECIAL FINCAPÉ EN ZONAS CON ALTO RISCO DE INCENDIO

- *Grazas ao reforzo das infraestruturas da rede e a unha nova estación transportable reduciranse nun 25% as zonas de sombra de todo o territorio*
- *RESGAL integra nun mesmo sistema a todos os colectivos de emerxencias para facilitar unha intervención máis efectiva, eficaz e coordinada*
- *Conta con servizos avanzados que a converten na referencia máis moderna de España neste tipo de redes*

A Xunta de Galicia vai ampliar a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia (Resgal), facendo especial fincapé nas zonas con máis risco de incendio. O reforzo de estacións base e unha nova estación transportable permitirán reducir nun 25% as zonas de sombra no conxunto da Comunidade e nun 40% nas parroquias con máis risco de incendio.

Actualmente, Resgal alcanza o 84% do territorio e o 95% a poboación, garantindo un alto grao de cobertura nas principais zonas urbanas nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco. Conta cunha estación base transportable, para despregamentos rápido de cobertura en zonas de sombra ou para incrementar a capacidade ante un evento que xere un incremento exponencial das comunicacións dos servizos de emerxencia e seguridade.

Unha rede única

RESGAL, que entrou en funcionamento en 2015, integra, por primeira vez, nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan na resolución da emerxencias. Unha rede única para facilitar unha intervención máis efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificar as tarefas de coordinación entre eles.

Xa está a empregar Resgal efectivos da Axega, da Policía Autonómica, do 061, do 112, de Consorcios de bombeiros, do Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais e efectivos de emerxencias de 107 concellos, que xa se adheriron á Rede.

Tecnoloxía de última xeración

Resgal emprega tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións, que garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa. Este sistema caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación.

Ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos a xeolocalización en tempo real a posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS, envíos de sms a

persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas con capacidade de ata 120.000 horas de gravación e permite o encriptado das comunicacións, garantindo a súa confidencialidade. Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España.

Máis de 3.300 terminais operativos

Emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo entre os diferentes efectivos que interveñen nunha emerxencia e a integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil. A Administración autonómica adquiriu xa máis de 5.316 terminais dos que 3.314 están operativos.

Adhesión doutras entidades

A Xunta pon a Rede Dixital de Emerxencias á disposición dos concellos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias, que poden integrarse un acordo de adhesión. A día de hoxe 107 concellos formalizaron xa a súa adhesión.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROTOCOLO QUE PRETENDE ERRADICAR O ACOSO LABORAL E A DISCRIMINACIÓN NA ADMINISTRACIÓN GALEGA

- *O documento tamén busca garantir a saúde dos empregados públicos que sofren este tipo de situacións, así como a asistencia e protección das vítimas*
- *Tratará de resolver a discriminación no traballo por motivos relacionados coa orixe racial, sexual ou étnica, relixión, discapacidade, idade, lingua ou opinión*
- *Tamén se aplicará cando un empregado público denuncie ou sexa testemuña nun procedemento relacionado con calquera delito, trato de favor ou irregularidade*
- *Os denunciante poderán dirixir a súa solicitude tanto ao Comité de Intervención como á Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal*

O Consello de hoxe deu o visto e praxe ao protocolo que recolle as actuacións para previr, detectar e resolver as situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo no ámbito da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Este documento, que foi aprobado por unanimidade na reunión da comisión de persoal celebrada onte, representa un compromiso institucional para a erradicación total destas condutas e para garantir a saúde dos empregados públicos que sofren este tipo de situacións, así como a asistencia e protección das vítimas.

Así mesmo, o protocolo determina as actuacións e responsabilidades dos órganos que deben intervir na resolución destas situacións e asegura a pluralidade das intervencións para garantir un tratamento técnico adecuado na valoración de cada unha das actuacións, respectando a metodoloxía máis apropiada en cada caso.

Acoso laboral e outras discriminacións

Segundo se recolle no texto presentado hoxe no Consello, considérase acoso laboral “a exposición a condutas de violencia psicolóxica intensa dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo cara a unha ou máis persoas, por parte doutra/s que actúan fronte a aquel/s dende unha posición de poder -non necesariamente xerárquica senón en termos psicolóxicos-, co propósito ou o efecto de crear un ámbito hostil ou humillante que perturbe a vida laboral da vítima. A devandita violencia dáse no marco dunha relación de traballo, pero non responde ás necesidades de organización deste; supoñendo tanto un atentado á dignidade da persoa, coma un risco para a súa saúde”.

Ademais, este protocolo tamén se utilizará para tratar de resolver situacións de discriminación por outros motivos, xa recollidos no Estatuto básico do empregado público, como son a orixe racial, sexual ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Por último, o protocolo tamén se aplicará para o caso no que un empregado público denuncie ou sexa testemuña nun procedemento relacionado con calquera delito, trato de favor ou irregularidade no desenvolvemento do traballo e, como consecuencia diso, sufrira acoso laboral ou outra discriminación no traballo.

Dobre vía de intervención a elección do solicitante

As actuacións iniciaránse a partir dunha solicitude por escrito, que poderá ser dirixida, por elección do solicitante, ben á Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal correspondente, ben ao Comité de Intervención, que se creará unha vez asinado o Protocolo. O feito de dirixir a solicitude a un ou outro órgano determinará a competencia para levar a cabo a investigación.

No caso do Comité de Intervención, este estará formado por catro representantes da Administración -dous deles pertencentes ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais- e catro representantes das organizacións sindicais máis representativas con coñecementos en materia de prevención e/ou actuacións en situacións de acoso. Os membros deste comité garantirán a súa distancia persoal e orgánica coas persoas implicadas no procedemento.

Se a solicitude se presenta ante a propia Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal, este centro directivo designará a un empregado público que preste servizos nun posto provisto por concurso -preferentemente técnico de prevención e, de non selo, con coñecementos en materia de prevención e/ou actuacións en situacións de acoso- para que leve a cabo a investigación dos feitos. Alternativamente, poderá nomearse a un membro do Comité de Intervención.

En ambos supostos, para garantir a protección das persoas implicadas no proceso, logo de audiencia destas, poderase propoñer á Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal a posible mobilidade destas, co fin de evitar maiores prexuízos e respectando a normativa de función pública de aplicación.

Igualmente, con independencia da vía de investigación, o informe deberá ser emitido nun prazo máximo de 30 días á Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal que, pola súa vez, terá outros dez días hábiles para emitir a súa resolución. Esta poderá arquivar o expediente; incoar expediente disciplinario; ou adoptar medidas preventivas ou correctoras para aqueles casos nos que, sen existir acoso ou outra infracción disciplinaria, existan situación de conflictividade laboral.

Comisión de seguimento

Para levar a cabo o seguimento e control das actuacións derivadas da aplicación do protocolo, tamén se constituirá unha comisión mixta de composición paritaria, que estará integrada por representantes da Administración e dos sindicatos. Esta comisión

será a encargada, se é o caso, de trasladar as propostas de revisión do Protocolo á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e ao Comité de Intervención.

A aplicación deste protocolo non impedirá en ningún caso a utilización, paralela ou posterior, por parte das persoas implicadas ou da mesma Administración, das accións legais que sexan necesarias.

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

- *A convocatoria está dotada con máis de 96.000 euros, cos que se financiarán as actividades formativas entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de agosto de 2017*
- *Os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, ter nado a partir do 1 de xaneiro de 1985 e estar en posesión dun título universitario*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao acordo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para a concesión de seis bolsas de formación para expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento para o período 2016-2017.

A convocatoria está dotada con 96.530 euros que servirán para financiar as actividades de formación destes seis bolseiros entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de agosto de 2017. O seu obxectivo é apoiar a formación de expertos en cooperación internacional, cumprindo co establecido nos plans directores da Cooperación Galega, en especial no que se refire ao apoio á formación e á capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

Os destinos das bolsas serán a sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela e as oficinas técnicas de cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. O importe das bolsas será de 1.200 euros brutos mensuais mais os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros, no caso de que os destinos sexan na sede da Dirección Xeral.

Entre outros requisitos, os solicitantes deberán ter veciñanza administrativa en Galicia, ter nado a partir do 1 de xaneiro de 1985 e estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente. Ademais, tamén se require non ter sido beneficiario desta mesma bolsa en anos anteriores, non manter relación laboral vixente co organismo que a promove nin coas entidades colaboradoras, nin colaborar con ningún axente de cooperación durante o período de duración da bolsa.

A valoración de méritos efectuaráa unha comisión de selección presidida pola subdirectora xeral de Cooperación Exterior e conformada por varios funcionarios da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e expertos en cooperación para o desenvolvemento. Esta mesma comisión será a encargada de realizar a fase posterior de entrevistas, na que se valorará o coñecemento da materia obxecto das bolsas e a súa capacidade de resposta, madurez, motivación e iniciativa.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 457.000 EUROS NA REMODELACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS URBANOS DE SOBER E BEARIZ

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración neste sentido*
- *No caso de Sober, actuarase na praza do concello e a súa contorna, grazas a un investimento de preto de 280.000 euros*
- *En Beariz, o obxectivo dos traballos, nos que se investirán máis de 177.000 euros, será mellorar os arredores da casa do concello*
- *Ambas actuacións inscríbense no Plan Hurbe, que ten como principal obxectivo humanizar as vilas de Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 457.000 euros na remodelación e acondicionamento de distintos espazos urbanos dos concellos de Sober e Beariz. Así se recolle nos dous convenios de colaboración que foron autorizados hoxe polo Consello da Xunta.

En concreto, no caso do concello lucense de Sober, investiranse preto de 280.000 euros –distribuídos en dúas anualidades- para remodelar a praza do concello e a súa contorna. Entre outros avances, os traballos suporán a reorganización do tráfico da zona, cun deseño máis moderno, coidado e sustentable, gañando espazo para o uso peonil.

Suporá, polo tanto, unha rexeneración da zona en termos de infraestruturas, comunicación, ou actividade económica, xa que se buscará impulsar o crecemento comercial e favorecer a celebración de eventos públicos na praza.

No caso de Beariz, o convenio está dotado cun orzamento lixeiramente superior aos 177.000 euros. A colaboración da Xunta permitirá, neste caso, mellorar o contorno da casa do concello.

Así, humanizarase unha superficie de máis de 1.700 metros cadrados, na que tamén se renovará o pavimento mediante lousa de granito. Eliminaranse, ademais, as barreiras arquitectónicas, mellorando os itinerarios peonís e rodados, así como as zonas de confluencia entre ambos, a través da creación dunha zona verde.

Plan Hurbe

O Plan HURBE 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos que máis de 3,5 millóns serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Dende a Xunta de Galicia apostase por este tipo de programas porque, ademais de contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación no rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas, fomenta a creación e mellora dos espazos de encontro e goce do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de todas as idades.

Tamén se favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno arredor dos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupéranse espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e poténciase a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

SANIDADE ENVÍA AO CONSELLO CONSULTIVO O DECRETO PARA A CREATIÓN DA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE ENFERMEIRO ESPECIALISTA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar o texto do Proxecto de decreto que ten por obxecto a creación da categoría estatutaria de enfermeiro especialista para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo. Previamente foi negociado e aprobado pola unanimidade das organizacións sindicais da Mesa Sectorial de Sanidade.

De conformidade co Real decreto 639/2014, do 25 de xullo, créase no Servizo Galego de Saúde a categoría de persoal enfermeiro especialista, que englobará todas as especialidades de enfermería (saúde mental, traballo, pediatría, enfermería familiar e comunitaria, coidados médico-cirúrxicos e xeriatría) agás a de matrona -que prexistepolo seu carácter de profesión sanitaria específica.

A creación desta categoría xenérica permitirá ir incorporando aos cadros de persoal do Sergas os profesionais da especialidades que vaian demandando as necesidades asistenciais; ademais permite a adecuación das categorías profesionais ás necesidades do sistema sanitario público; dá homoxeneidade na definición e requisitos de titulación das especialidades de enfermaría; e posibilita a incorporación do novo persoal titulado das especialidades de enfermaría en condicións de pleno recoñecemento normativo e profesional.

O Servizo Galego de Saúde destaca que a formación especializada dos profesionais do sistema sanitario público redunda en beneficio da calidade da asistencia sanitaria dispensada aos cidadáns.

Unha vez creada, procederáse a axustar os sistemas de provisión temporal e definitiva (concursos de traslados, listas de selección temporal, etc.) á nova categoría.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN GRATUÍTA DE DOUS TERREOS PARA A CONSTRUCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE SALCEDA DE CASELAS E O PEREIRO DE AGUIAR

- *O Servizo Galego de Saúde está a desenvolver os estudos previos para o dimensionado dos proxectos das futuras infraestruturas*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe autorizou dous acordos para a aceptación duns terreos co obxecto da construción de dous novos centros de saúde. Trátase dun predio de 3.001,56 m² sita na prolongación da rúa Mártires de Sobredo, no Consello de Salceda de Caselas (Pontevedra); e doutro predio de 2.313,24 m², parcela número 499 do Polígono 81 do Catastro de rústica do Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense).

Ambos os terreos foron cedidos a título gratuito por ambos os concellos. No Servizo Galego de Saúde estanse a desenvolver os estudos previos para o dimensionado dos proxectos das futuras infraestruturas.

Son dous centros de saúde novos, de nova construción, que substituirán os anteriores. Estas infraestruturas novas amplían e modernizan as existentes e contarán cos servizos necesarios que garantan a continuidade no aumento da accesibilidade ás prestacións sanitarias.

Esta actuación está enmarcada como eixe prioritario na Estratexia Sergas 2020.

GALICIA PON EN MARCHA A HISTORIA SOCIAL ELECTRÓNICA, UNHA PLATAFORMA ÚNICA PARA OS PROFESIONAIS DO SERVIZOS SOCIAIS

- *É unha das medidas do Plan Trabe para a modernización dos Servizos Sociais, impulsado pola Amtega e a Consellería de Política Social*
- *Apróbase o proxecto de Decreto, e a súa remisión a ditame do Consello Consultivo de Galicia, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica*
- *A HSUE proporciona aos traballadores deste área, tano a nivel autonómico como municipal, un acceso único á historia social do usuario e unha visión global da súa situación*
- *Reduce os tempos de tramitación e facilita unha atención á medida das necesidades do usuario, máis proactiva, e con capacidade de anticipación ao ter acceso de xeito inmediato a toda a información do usuario*
- *Permite unha identificación única da persoa ao empregar o identificador da tarxeta sanitaria*
- *Supón un avance cara á futura historia-sociosanitaria, que permitirá a completa rastrexabilidade da información do cidadán en ambos os sistemas*

A Xunta aproba o proxecto de decreto, e a súa remisión a ditame do Consello Consultivo de Galicia, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica (HSUE), e pon en marcha a primeira fase da HSUE, que permitirá aos profesionais do Sistema galego de servizos sociais, independentemente de que pertencen ao ámbito municipal ou autonómico, o acceso único ao expediente social dos usuarios en formato electrónico.

É un primeiro paso avanzar cara a nunha atención totalmente personalizada e adaptada ás necesidades de cada usuario, máis alá da xestión administrativa. A entrada en funcionamento do HSUE supón un avance cara á futura historia-sociosanitaria, que permitirá a completa rastrexabilidade da información do cidadán en ambos os sistemas

O novo sistema comezará a implantarse de xeito progresivo despois do verán, unha vez aprobado o decreto de regulación da creación, uso e acceso á Historia Social Única Electrónica, O HSUE arrancará con máis de 365.000 historias sociais dixitais.

Esta actuación enmárcase no Plan Trabe para a modernización dos servizos sociais, no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Política Social veñen traballando nos últimos dous anos.

Melloras na xestión

A entrada en funcionamento da Historia Social Única Electrónica (HSUE) supón un fito no eido dos servizos sociais similar á posta en marcha da Historia Clínica no eido sanitario ao integrar nun mesmo sistema todos os datos relativos a historia social do individuo, incluíndo a situación persoal, social e familiar; as súas demandas, prestacións, servizos e recursos, así como as valoracións, intervencións, seguimento e avaliación por parte do sistema de Servizos Sociais, ademais de información referente a profesionais e a institucións e organizacións que interveñen nestas.

O novo sistema permite automatizar a compartición de toda esta información e documentación asociada entre os departamentos que xestionan as distintas prestacións e servizos, o que evita a duplicidade, reduce erros de xestión e mellora a calidade da información.

A plataforma proporciona unha identificación unívoca dos usuarios, ao empregar a numeración da tarxeta sanitaria e garante a seguridade no acceso á información a través do uso de certificado por parte dos profesionais, que accederán só aos datos e información necesaria para o desenvolvemento do seu labor.

Vantaxes para os usuarios

Os usuarios percibirán as vantaxes do novo sistema na redución de tempos de tramitación, e nunha atención máis persoalizada, xa que o profesional terá acceso de xeito inmediato á información máis relevante do seu historial, tanto de servizos como de prestacións ou recursos asignados.

Ademais, facilitará unha atención máis proactiva, grazas a un sistema de alertas e subscricións que avisa ao profesional de calquera cambio no historial da persoa para que poida actuar de maneira inmediata.

Decreto

A Lei de servizos sociais de Galicia, establece entre as competencias da Xunta de Galicia "O deseño, a creación, a xestión e a coordinación dun sistema de información estatística dos servizos sociais, e o deseño, a creación, a xestión e a coordinación da historia social única electrónica, así como o seu mantemento e actualización". Neste sentido a Xunta de Galicia aproba o proxecto de decreto, e a súa remisión a ditame do Consello Consultivo de Galicia, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica, como o conxunto de información e documentos, en formato electrónico, das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención.

O proxecto de decreto conta co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Secretaría Xeral de Igualdade, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do Consello Galego de Benestar e da Asesoría Xurídica da

Xunta de Galicia. Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regula o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica, e co obxecto de contar coa participación dos colectivos directamente afectados por esta, abriuse un trámite de audiencia no que achegaron as súas observacións e suxestións 15 entidades, 3 departamentos da Xunta de Galicia e 4 de xeito individual a través da web da Consellería, a través do que se pretendeu conseguir unha norma dende o consenso de todos os actores implicados.

O decreto consta de 31 artigos agrupados en 3 títulos, 3 capítulos, 3 disposicións adicionais e 3 disposicións derradeiras. No Título I regúlase a creación, definición, ámbito, contido, requisitos para a súa elaboración, conservación e custodia da Historia Social Única Electrónica. No Título II regúlase o acceso e uso da Historia Social Única Electrónica, establecéndose no seu capítulo I os requisitos de acceso e uso da Historia Social Única Electrónica. No capítulo II regúlase o acceso á Historia Social Única Electrónica por parte dos distintos/as profesionais do sistema galego de servizos sociais, e regúlase os módulos de información de especial custodia. No capítulo III regúlase o acceso á Historia Social Única Electrónica por parte das persoas usuarias. No Título III establécese o réxime sancionador. Así mesmo, nas disposicións adicional segunda determínase o prazo de habilitación dos módulos de especial custodia e do acceso vía internet á Historia Social Única Electrónica, e na adicional terceira segunda establécese a integración da información en HSUE a través dos distintos sistemas de información do sistema galego de servizos sociais.

En definitiva, a Xunta dá o último paso para a pronta aprobación do texto normativo que sustentará desde o punto de vista xurídico a Historia Social Única Electrónica, coa súa aprobación como proxecto de Decreto logo da súa remisión a ditame do Consello Consultivo. Unha vez o Consello Consultivo emita o seu ditame, a Xunta de Galicia aprobará definitivamente esta norma, coa previsión de que se chegue a publicar no mes de xuño.

Plan Trabe

O Plan Trabe para a Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais, dotado cun orzamento de 19,7 millóns de euros en cinco anos, é un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións dun terzo da poboación.

Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento. Ademais, a modernización da xestión permitirá reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE CASA NIÑO NO RURAL

- *Trátase dun recurso pioneiro en Galicia que proporcionará 150 novas prazas de atención continuada para nenos e nenas de 0 a 3 anos*
- *O orzamento destinado a esta medida é de 2,5 millóns de euros*
- *Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna de luns a venres e as familias poderán levar os nenos e nenas un máximo de oito horas diarias, nun horario que se pactará co/a profesional*
- *A convocatoria de axudas subvencionará tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada*
- *Con esta medida preténdese crear recursos de conciliación para as familias e oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Ademais, supón un impulso e apoio para as fórmulas de autoemprego e de economía social*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de Casas Niño, que estarán destinadas á atención de nenos e nenas de entre 3 meses e 3 anos de idade nos concellos de menos de 5.000 habitantes da comunidade autónoma de Galicia nos que non exista ningún outro recurso de atención continuada á infancia. Esta actuación proporcionará 150 novas prazas no rural galego, deste xeito, aténdense ás necesidades de conciliación das familias e favorécese a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia.

Trátase dun recurso que se pon en marcha por primeira vez en Galicia a través dunha experiencia piloto que permitirá garantir a futura posta en marcha eficiente de servizos de conciliación formalmente regulados.

Cada casa niño atenderá un máximo de 5 nenos/as, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exige unha formación ou experiencia profesional específica e se impoñen requisitos e normas de seguridade nas casas. Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna de luns a venres e as familias poderán levar os nenos e nenas un máximo de oito horas diarias, nun horario que se pactará co/a profesional. A atención prestada comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena.

Poderán ser beneficiarias destas axudas para poñer en marcha unha Casa Niño as persoas físicas e as cooperativas de traballo asociado que estean en posesión ou

conten cunha persoa socia co título de técnico/a superior en educación infantil, co grao en mestre/a de educación infantil ou primaria, grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social. Tamén poderán optar ás axudas aquelas persoas que posúan o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das Casas Niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presenten formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, quen concorra ás axudas, deberá residir nun núcleo rural no que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade e contar cunha vivenda dotada con sistema de calefacción con protección dos elementos calefactores; unha sala con iluminación e ventilación naturais e un mínimo de 4 metros cadrados por menor; unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene infantil e unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos; elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispoñer dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na Casa Niño.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que se poderían beneficiar do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, para contribuír á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibirán unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración autonómica), e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir de casa niño así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros. A achega pola prestación da atención personalizada consistirá nunha prima de 19.6000 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andadura. A convocatoria conta cun orzamento global de 2,5 millóns de euros destinados ao desenvolvemento deste proxecto ata o 31 de decembro de 2019 nun máximo de 30 casas niño.

Cómpre destacar que os nenos e nenas que acudan á Casa niño deberán estar empadroados/as no concello no que se sitúe este tipo de fogar, ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Con esta actuación preténdense crear recursos de conciliación para as familias e oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Ademais, impúlsanse e apóianse as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio. Os nenos e nenas que acudan ás casas niño deberán estar, en todo caso, empadroados/as no concello no que esta se localice ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia. Hoxe en día hai en Galicia 107 concellos potenciais beneficiarios por cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

A convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no vindeiro mes de maio e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A XUNTA PROMOVE O EMPRENDEMENTO COMERCIAL NO RURAL COA POSTA EN MARCHA DE MÁIS DUNHA VINTENA DE ESPAZOS ACTIVOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa un novo programa dotado con máis de 1,4 millóns co que se apoian con axudas de ata 70.000 euros os concellos que habiliten áreas para que os emprendedores exerzan a súa actividade comercial*
- *O obxectivo é contribuír á creación de emprego de calidade e ao equilibrio da oferta comercial nas zonas menos poboadas*
- *Priorizaranse as iniciativas nas que se comercialicen produtos locais e as que se desenvolvan nos municipios máis pequenos*
- *Estes espazos poderán localizarse tanto nos mercados de abastos como nouro tipo de instalacións*
- *Os comerciantes interesados recibirán formación e asesoramento en eidos como o visual merchandising, a colocación do produto ou a atención ao cliente*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria pon en marcha un novo programa de axudas, dotado con máis de 1,4 millóns de euros, co que apoiará os concellos de menos de 20.000 habitantes na posta en marcha de Espazos Activos de emprendemento comercial no rural. Mediante esta pioneira iniciativa, da que se poderán beneficiar máis dunha vintena de concellos, concederanse axudas de ata 70.000 euros e o 70% do investimento a realizar para habilitar áreas nas que os emprendedores poidan exercer a súa actividade comercial.

O obxectivo desta convocatoria, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, é contribuír á creación de emprego de calidade e á fixación de poboación no rural galego, ao tempo que se impulsa o equilibrio da oferta comercial nas zonas menos poboadas.

Así, priorizaranse as iniciativas que se desenvolvan nos municipios máis pequenos, así como aquelas que incorporen máis espazos para a comercialización de produtos locais. Ademais, prímense os proxectos que incorporen un maior número de puntos de venda, a adopción de medidas de Responsabilidade Social Empresarial, a utilización das novas tecnoloxías ou a supresión de barreiras arquitectónicas, ademais da incorporación de enerxías alternativas ou a reciclaxe ou eliminación de residuos.

Os concellos que poñan en marcha un Espazo Activo deberán desenvolver ademais actuacións de difusión, asesoramento e formación dirixidas ás persoas interesadas na iniciativa, recollendo aspectos como o aumento da rendibilidade do posto de venda con técnicas de “visual merchandising”, a colocación do produto e a atención ao cliente.

Nestes espazos, que se poderán localizar tanto en prazas de abastos como noutro tipo de instalacións e que contarán cunha sinalización específica, poderá establecerse calquera actividade comercial polo miúdo, favorecendo e fomentando a variedade comercial.

A iniciativa enmárcase no Plan estratéxico de impulso ao Comercio de Galicia, que se articula en torno a tres grandes retos: afianzar un sector comercial renovado; impulsar o *smart commerce* e o comercio electrónico; e potenciar o comercio excelente, traballando na dinamización e a mellora continua.

Contando co novo programa do que hoxe se informou, no que levamos de ano a Consellería de Economía, Emprego e Industria leva activadas ao abeiro desta folia de ruta convocatorias de axudas por máis de 7 millóns de euros, centradas en eidos como o *smart commerce* e a modernización comercial, a transmisión xeracional, o impulso ao asociacionismo no sector ou, neste caso, o emprendemento.

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE EÓLICO NOS CONCELLOS DE SANTA COMBA, A BAÑA E VAL DO DUBRA

- *O eólico, denominado Santa Comba, contará con 14 aerogeradores cun total de 40 MW de potencia*
- *O parque terá capacidade para producir anualmente 102.000 MWh, o equivalente ao consumo anual de preto de 24.300 fogares galegos*
- *Esta infraestrutura promovida por Eólica Galenova conta cun orzamento de máis de 41,5 millóns de euros*

A Xunta vén de autorizar o parque eólico Santa Comba, promovido por Eólica Galenova e que se situará nos concellos de Santa Comba, A Baña e Val do Dubra, na provincia da Coruña. Composto por 14 aerogeradores cunha potencia total de 40MW, esta infraestrutura terá unha capacidade de produción anual de 102.000 MWh, o equivalente ao consumo de preto de 24.300 fogares galegos durante un ano. O parque suporá un investimento que supera os 41,5 millóns de euros.

Con esta nova autorización, a Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade.

Así, desde 2009 téñense autorizado novos parques eólicos que suman unha potencia total de máis de 900 MW. Ademais, a Xunta vén de dar luz verde á primeira repotenciación eólica en Galicia, no parque Cabo Vilano, situado en Camariñas, que tras o desmantelamento dos 22 aerogeradores orixinais cunha potencia total de 3,9 MW, contará con 2 máquinas que suman unha potencia de evacuación de 5,46 MW.

Neste eido o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canón eólico se recadaron xa 137 millóns de euros destinados aos municipios. Así, os novos proxectos que se veñen de autorizar suporán unha importante fonte de financiamento para os concellos da Santa Comba, A Baña e Val do Dubra, que se poderán beneficiar da recadación obtida do mencionado canon.

A XUNTA CONXELA POR CUARTO ANO AS TAXAS UNIVERSITARIAS, O QUE SUPÓN UN AFORRO ANUAL DE 25 M€ PARA AS FAMILIAS GALEGAS CON FILLOS NA UNIVERSIDADE

- *Con esta decisión, o Goberno galego reforza o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde 2009, e garante que as tres universidades galegas se manteñan como as máis accesibles de España*
- *Galicia ratifica a súa posición como a comunidade cos prezos públicos universitarios máis baixos de toda España para o vindeiro curso 2016-2017*

O Goberno galego volve conxelar, por cuarto ano consecutivo, as taxas universitarias de grao e máster nas tres universidades do SUG, o que fai que se manteñan un curso máis como as máis accesibles de toda España. Se Galicia tivese as taxas universitarias iguais á media de España, as familias galegas con fillos ou fillas na Universidade desembolsarían anualmente 25 millóns de euros adicionais no pagamento destes estudos.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o vindeiro curso 2016-2017, e que nos vindeiros días lle será trasladada aos reitores das tres universidades e logo será debatida na próxima xuntanza do Consello Galego de Universidades

Con esta proposta, a Xunta ratifica a súa decisión de manter os prezos públicos nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que o Sistema Universitario de Galicia continúe a ser o máis accesible de toda España para o estudantado. Reforza, por tanto, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde o ano 2009.

Nesta liña, Galicia segue a ser a comunidade autónoma cos prezos públicos medios das matrículas de graos e máster universitarios máis baixas de todo o territorio nacional para o vindeiro curso 2016-2017.

Prezos medios

No caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan preto dun 83% do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 33,52 euros de media de Cataluña.

Tamén no caso dos máster os prezos son os máis baixos, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña, e de 12,63 euros por debaixo da media estatal.

Cómpre lembrar que Galicia é a comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extra académicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades informou favorablemente a subida mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/2010, 2010/2011 e 2011/2012. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, o curso 2012/2013 decidiuse a conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/2014, 2014/2015 e 2015/2016 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2016/2017.

Aforro para as familias

O prezo medio do crédito de grao en Galicia mantense en 11,89 euros, mentres que a media de España é de 18,33 euros (é dicir, un aforro do 6,44 euros/crédito). Polo tanto, o aforro para unha familia que teña un fillo ou unha filla estudando nunha universidade galega é, de media, duns 400 euros anuais que, multiplicados polos 55.360 estudantes que cursan estudos de grao, arroxa un aforro de case 21.400.000 para toda Galicia.

Tendo en conta os catro anos de duración dos graos, as familias galegas aforran uns 1.550 euros durante toda a traxectoria universitaria dos seus fillos. É dicir, o aforro total do conxunto das familias para toda Galicia durante eses catro anos elévase a 85,6 millóns de euros.

No caso dos máster universitarios (que cursan en Galicia 5.647 estudantes), o prezo medio dos máster non habilitante é de 26,49 euros/crédito, cun aforro de 12,63 E/crédito fronte aos 39,12 euros/crédito de España. Estamos a falar dun aforro medio anual para as familias de case 758 euros e dun aforro total para toda Galicia de 2.844.023 euros.

Para os másters habilitantes o aforro por crédito é de 2,2 euros (25,03 euros/crédito de media en Galicia fronte aos 27,23 euros/crédito de media de España). Estamos a falar dun montante que se eleva a 132 euros ao ano por familia e de 250.008 euros de aforro/ano no conxunto de Galicia.

A XUNTA ABOARÁ MAÑÁ OUTROS 22 MILLÓNS DE EUROS ADICIONAIS DOS PAGAMENTOS DIRECTOS DA PAC CORRESPONDENTES Á CAMPAÑA 2015-2016

- *Así se recolle nun informe coñecido hoxe polo Consello do Goberno galego*
- *Galicia está 8 puntos porcentuais por riba da media nacional nestes pagamentos*
- *Lévanse tramitados 134,8 millóns de euros dos pagos directos da PAC en Galicia da campaña 2015-2016, cando aínda quedan dous meses para que esta remate, o vindeiro 30 de xuño*

A Xunta aboará mañá outros 22 millóns de euros adicionais dos pagos directos da Política Agrícola Común (PAC) correspondentes á campaña 2015-2016. Con eles, Galicia está 8 puntos porcentuais por riba da media nacional nestes pagamentos da PAC. A nosa comunidade leva pagadas un 81,42% das axudas, fronte á media nacional que está no 73,79%, en comparación cos pagamentos feitos na campaña anterior. Así se reflicte nun informe sobre esta materia que coñeceu hoxe o Consello da Xunta.

Con estas achegas, Galicia convértese ademais na 4ª comunidade española en porcentaxe de pagamento. A maiores, isto significa que se levan tramitados 134,8 millóns de euros dos pagamento directos da PAC en Galicia da campaña 2015-2016, cando aínda quedan dous meses para que esta remate, o vindeiro 30 de xuño.

No informe advírtese que a presente campaña de 2015 é a máis complicada de todo o período 2014-2020, dado que é a de implantación do novo modelo da PAC, que supuxo cambios de profundidade na xestión e nos controis administrativos e sobre o terreo a realizar, ademais de ser a campaña na que máis tarde se presentaron as solicitudes de axuda (15 de xuño).

No documento sinálase tamén que en Galicia non é sinxelo xestionar estas axudas dos pagamentos directos da PAC. A diferenza doutras comunidades autónomas e estados membros nos que se poden empregar métodos de teledetección, en Galicia é imprescindible efectuar os controis sobre o terreo de forma presencial. Trátase de 130.000 controis sobre o terreo, para un total de 1,3 millóns de parcelas declaradas anualmente na solicitude única de axudas da PAC.

O informe recolle tamén que a Comisión Europea vén de aprobar (o pasado 22 de abril) os pagamentos directos da PAC efectuados por Galicia no período 2014-2015, o que supón a súa imputación ao orzamento comunitario, e representa un novo referendo á xestión efectuada na nosa comunidade dos fondos europeos.